



Expediente IET: P-20-091
Proxecto: Parque eólico O Cerqueiral
Concellos: Cabana de Bergantiños, Coristanco e Santa Comba (A Coruña)
Promotor: Greenalia Wind Power O Cerqueiral, S.L.U.

INFORME DE IMPACTO E INTEGRACIÓN PAISAXÍSTICA

Por medio dun escrito que tivo entrada o 12/11/2020 no Rexistro Xeral da Xunta de Galicia, o Servizo de Enerxía e Minas da Xefatura Territorial da Coruña da Vicepresidencia segunda e Consellería de Economía, Empresa e Innovación, somete a informe o estudo de impacto ambiental e a documentación do proxecto referido no encabezamento, no marco do procedemento de avaliación de impacto ambiental ordinaria, de acordo co establecido na Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental.

1. Antecedentes:

Con data do 24/03/2020 o Instituto de Estudos do Territorio emitiu un informe en contestación á consulta realizada pola Dirección Xeral de Calidade Ambiental e Cambio Climático co obxecto de determinar a amplitude e nivel de detalle do estudo de impacto ambiental (EslA), no marco do procedemento de avaliación de impacto ambiental ordinaria. Nese informe indicábase que o EslA, de acordo co artigo 11.1 da Lei 7/2008, do 7 de xullo, de protección da paisaxe de Galicia, tiña que incorporar un estudo de impacto e integración paisaxística (EIIP) como documento específico e cuxo contido tería que se axustar ao sinalado no artigo 11.2 da Lei 7/2008. Ademais, facíanse unha serie de consideracións sobre os posibles efectos do proxecto na paisaxe, sobre os estudos de visibilidade achegados no documento de inicio e se indicaban distintos criterios e recomendacións encamiñados a minimizar os impactos e acadar unha adecuada integración paisaxística do proxecto.

2. Marco legal:

De acordo co artigo 37.1 da Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental, o órgano substantivo debe consultar ás Administracións públicas afectadas, poñendo á súa disposición o estudo de impacto ambiental e a documentación do proxecto que se somete a avaliación. Conforme ao artigo 5 da Lei 21/2013, entre as Administracións afectadas atópanse as que teñen competencia específica en materia de paisaxe.

Este informe emítese de acordo co artigo 11.3 da Lei 7/2008, do 7 de xullo, de protección da paisaxe de Galicia, e co artigo 32 do Regulamento da Lei 7/2008, do 7 de xullo, de protección da paisaxe de Galicia (Decreto 96/2020, do 29 de maio), en relación coas competencias establecidas no artigo 10 da Lei 6/2007, do 11 de maio, de medidas urxentes en materia de ordenación do territorio e do litoral de Galicia, na redacción establecida pola Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, e do artigo 28 dos estatutos do Instituto de Estudos do Territorio, aprobados polo Decreto 244/2011, do 29 de decembro, na redacción establecida polo Decreto 42/2019, do 28 de marzo, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda.



De acordo co artigo 11.1 da Lei 7/2008, todos os proxectos que deban someterse a declaración de impacto ambiental deberán incorporar no estudo de impacto ambiental un estudo de impacto e integración paisaxística (EIIP), como documento específico no que se avaliarán os efectos e impactos que o proxecto poida provocar na paisaxe e as medidas de integración paisaxística propostas. O contido do EIIP debe axustarse ao disposto no artigo 11.2 da Lei 7/2008 e nos artigos 25 e seguintes do Regulamento da Lei 7/2008 (de acordo coa disposición transitoria primeira do Decreto 96/2020).

3. Descrición do proxecto e contido do estudo de impacto ambiental:

O proxecto consiste na construción do parque eólico O Cerqueiral, de 27 MW, composto por 6 aeroxeradores e a súa infraestrutura asociada (camiños de acceso e servizo, plataformas de montaxe, gabias para a rede eléctrica e de comunicacións, centro de seccionamento e control, e torre meteorolóxica). Os aeroxeradores terán 4,5 MW de potencia nominal, unha altura de buxa de 111 metros, e 136 metros de diámetro de rotor. A torre meteorolóxica acadará unha altura de 98 metros. Para realizar o acceso ás infraestruturas será necesario acondicionar 3.318 metros de pistas existentes e crearanse 2.666 metros de pistas novas con 5 metros de anchura mínima. A lonxitude total das gabias para o cableado é de 11.065 metros. O centro de seccionamento e control consistirá nun edificio prefabricado de formigón de planta rectangular de dimensións 10,42 x 3,20 metros. A enerxía do parque eólico evacuarase a través da subestación prevista no parque eólico Campelo.

O estudo de impacto ambiental inclúe un EIIP como documento anexo.

4. Características da paisaxe afectada polo proxecto:

De acordo co Catálogo das paisaxes de Galicia, aprobado polo Decreto 119/2016, del 28 de xullo, (DOG do 25/08/2016), o lugar no que se proxecta a actuación localízase na grande área paisaxística Chairas e Fosas Occidentais, nas comarcas paisaxísticas de Terra de Soneira, Bergantiños e Terra de Xallas.

As infraestruturas do parque non se atopan dentro de ningunha área de especial interese paisaxístico (AEIP) do Catálogo, situándose as máis próximas, a AEIP-09-06 Pozo da Forca a uns 3 km ao noroeste do aeroxerador AE-1 e a AEIP-09-07 Lagoa de Alcaían a uns 2,5 km ao leste da posición das máquinas AE-5 e AE-6. Respecto aos miradoiros, o máis próximo é o Pico Meda que se atopa a uns 4 km de distancia en dirección suroeste do grupo de aeroxeradores máis occidentais do parque. Máis lonxe, a uns 8,8 km ao sueste, localízase o miradoiro de Monte Castelo-3.

De acordo co Catálogo das paisaxes a área afectada polo proxecto encádrase nunha zona de visibilidade baixa.

O proxecto localízase nas elevacións de A Costa e O Cerqueiral ao oeste, e a Cruz de Parada ao leste, que forman parte das cuncas dos ríos Anllóns e Grande. Trátase dunha contorna caracterizada por unha sucesión de montes, aliñados segundo unha dirección N-S, e vales. Os montes presentan pendentes suaves e cumios chairas atravesados polos camiños de acceso ás máquinas dos parques eólicos xa instalados neles. Aquí a vexetación predominante son os cultivos forestais de eucaliptos e matogueiras. Os vales representan amplas zonas chairas ocupadas por pequenos asentamentos rurais dispersos e rodeados dun parcelario dedicado a prados e cultivos forraxeiros. Así, no val que se abre entre as dúas aliñacións do parque, quedan os núcleos de O Vilar, A Ribela, Esternande ou Ventoso. Ao oeste dos aeroxeradores AE-1 a AE-4 aparecen os asentamentos de O Pazo da Trabe, A Balsa, O Pazo Vello ou A Gandriña e ao norte os pobos de Padrín, Camafreita e Figueiroa. En dirección nordés das máquinas AE-5 e AE-6 localízanse as aldeas de Couso e Pereiras. As vías de comunicación de maior entidade da contorna correspóndense coa autovía AG-55 e a autonómica AC-552, que





discorren ao norte do parque, cun trazado paralelo, a unha distancia aproximada de 2,5 km da máquina máis próxima (AE-1). Outras estradas de certa entidade presentes e que serven de acceso ao parque son as provinciais DP-2902, que atravesa o grupo de aeroxeradores da zona oeste, e a DP-2904 ao leste do grupo de aeroxeradores máis oriental.

5. Análise do EIIP, dos efectos do proxecto sobre a paisaxe e das medidas de integración paisaxística:

O EIIP do proxecto consta dunha análise do estado actual da paisaxe de acordo co Catálogo das paisaxes de Galicia, un estudo da calidade e a fragilidade visual do ámbito, descríbense as características básicas do proxecto, calcúlanse as cuncas visuais, identifícanse e valóranse os impactos (incluíndo infografías) e se describen as medidas preventivas e correctoras adoptadas para minimizalos.

Para a determinación dos impactos sobre a paisaxe, o EIIP inclúe gráficos e planos das cuncas visuais desde cada un dos aeroxeradores e un plano da cunca visual para o conxunto do parque que, se ben pode considerarse adecuada a distancia de 15 km empregada para o cálculo, a lectura do plano resulta dificultosa debido á gama de cor empregada. Ademais, calcúlase o grao de visibilidade en función da distancia e o número de aeroxeradores visibles, e se valora a incidencia ou afección visual sobre núcleos de poboación, vías de comunicación e elementos culturais e naturais, miradoiros e AEIP, plasmando o resultado nun plano específico (Plano nº. 9 Afección paisaxística). Con todo, conclúese que a afección visual do conxunto do parque será moderada. O estudo complétase con fotografías do ámbito e infografías nas que se amosa a visibilidade do parque desde as poboacións máis próximas.

Se ben o contido do EIIP pode considerarse, dende un punto de vista formal, acorde co establecido no artigo 11.2 da Lei 7/2008, e cos artigos 25 e seguintes do Regulamento da Lei 7/2008, cabe sinalar que pola data do documento presentado a informe, marzo de 2020, existe a posibilidade de que non se tiveran en conta as consideracións efectuadas polo IET no informe do 24/03/2020, entre outras, principalmente as referentes á análise das posibles afeccións derivadas da presenza dos aeroxeradores AE-03 e AE-04 e as súas infraestruturas asociadas, nun solo rústico de protección paisaxística delimitado polo PXOM de Coristanco (aprobación definitiva 03/12/2015). Así mesmo, nese informe tamén se indicaba que para valorar o impacto visual dos aeroxeradores as infografías deberían ter como base fotografías reais tomadas en campo dende os lugares de maior potencial de observadores, como son os núcleos rurais máis próximos, estradas, áreas de especial interese paisaxístico e miradoiros, extremo que non se cumprimenta.

O proxecto, que coincide co informado o 24/03/2020, provocará unha intrusión visual vinculada á presenza dos aeroxeradores en zonas elevadas, o que lle confire unha alta visibilidade debido á súa posición dominante no relevo sobre os vales de marcado carácter agrario que se sitúan ao pé destes cordais. Se ben as infraestruturas do parque eólico non son elementos alleos á paisaxe da contorna, a instalación de novos aeroxeradores, polas súas dimensións e a distancia á que se sitúan dos núcleos rurais, algúns deles localizados a menos dun quilómetro como son os de Padrín, A Balsa, A Gandriña, Esternande, A Ribela, Couso ou Ventoso, veñen a incrementar os impactos, modificando a calidade visual dos montes que conforman os fondos escénicos dos núcleos.

Respecto ás posibles afeccións aos elementos do Catálogo das paisaxes cabe indicar que o parque non se sitúa dentro de ningunha área de especial interese paisaxístico, lugares de especial interese paisaxístico ou rutas de sendeirismo. En relación aos miradoiros, os aeroxeradores máis occidentais do parque serán visibles dende o Pico de Meda, se ben non son de esperar impactos significativos



dada a distancia existente entre ambas localizacións e que se trata dun miradoiro cunha cunca visual de 360 grados na que se aprecian outros parques situados máis próximos.

Ademais, poden producirse impactos paisaxísticos derivados da existencia doutros proxectos eólicos na contorna próxima, posto que, segundo se reflicte no plano de sinerxías do proxecto (Plano nº. 14.1), existen cinco parques en funcionamento na contorna, situándose un dos aeroxeradores do parque máis próximo, a uns 600 metros ao leste da máquina AE-4 e outro a 850 metros ao norte da posición do aeroxerador AE-5. Ademais, aparecen outros catro proxectos en tramitación, emprazándose un deles a 680 metros da máquina AE-6 en dirección leste.

O proxecto expón unha serie de medidas de integración paisaxística as cales están en relación coas normas e recomendacións recollidas no borrador das Directrices de Paisaxe de Galicia, ademais de presentar un plan de restauración encamiñado á recuperación das áreas afectadas pola execución das obras do parque.

6. Conclusión:

O proxecto incorpora un EIIP, cuxo contido axústase formalmente ao disposto no artigo 11.2 da Lei 7/2008, do 7 de xullo, de protección da paisaxe de Galicia, e nos artigos 25 e seguintes do Regulamento da Lei 7/2008. Non obstante, tendo en conta a data da súa sinatura, cabe reiterar diversas cuestións indicadas no informe do IET de 24/03/2020:

- Para a avaliación do impacto visual dos aeroxeradores deberanse achegar infografías realizadas sobre fotografías reais tomadas en campo dende os lugares de maior potencial de observadores, como son os núcleos rurais máis próximos, estradas máis importantes (AG-55 e AC-552), áreas de especial interese paisaxístico e os miradoiros.
- Respecto ao edificio que albergará o centro de seccionamento e control, recoméndase aplicar os criterios da *Guía de cor e materiais* dispoñible na páxina web da Xunta de Galicia.

O xefe do Servizo de Planificación da Paisaxe
José Luís Álvarez Vicente

Visto e conforme, o director do Instituto de Estudos do Territorio
Francisco Barea Paz

(Documento asinado electronicamente)

